

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE  
CENTRO  
CEIP A MAÍA



## ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
2.- MARCO LEGAL.....	4
3.- LINGUAS EMPREGADAS NAS DISTINTAS ÁREAS.....	5
4.- CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO: ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO .....	7
5. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS .....	11
6.- OBXECTIVOS ENCAMIÑADOS Á DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA .....	11
7.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES.....	12
8.- ACTIVIDADES DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO .....	16
9.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS .....	17
11.- ANEXO .....	19



## 1.- INTRODUCCIÓN

Como ben se reflicte no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Este Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) pretende concretar as actuacións específicas deste curso en materia de normalización lingüística. O Proxecto Educativo do Centro (PEC) determina as estratexias que ten que seguir a comunidade educativa do CEIP A Maía, en función das súas características, para contribuír a lograr a plena normalización da nosa lingua.

A elaboración deste Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) xorde, ademais da lexislación vixente, da necesidade de dispoñer do marco idóneo que posibilite o uso do galego como lingua vehicular da aprendizaxe e de toda a comunicación do centro, para contrarrestar o grave retroceso que a nosa lingua sofre por diferentes circunstancias: a implacable influencia dos medios de comunicación moi maioritariamente en castelán, o cada vez máis reducido uso social que se fai da nosa lingua (a perda de falantes nos últimos anos é constatable polas estatísticas oficiais), o menor prestixio do que goza a nosa lingua fronte ao castelán, etc...

Cómpre que o galego se converta nunha lingua habitual nas relacións entre alumnado e profesorado, nas comunicacións internas e externas e que sexa o medio habitual para realizar o proceso de ensino-aprendizaxe. Por isto mesmo, o Proxecto Lingüístico ten que ser unha ferramenta integradora para todas aquelas persoas que non dominen a lingua galega.



## 2.- MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- **Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D. 130/2007.
- **Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

Para estes puntos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística , con data do 8/8/13, da as seguintes instrucións:



1-A lingua predominante do alumnado na etapa de educación infantil deberá determinala o centro educativo. Para elo terase en conta os seguintes parámetros:

- Resultado da pregunta aos pais, nais, titores/as do alumnado antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo, filla.
- Realidade sociolingüística do contorno
- Garantía da presenza das dúas linguas cooficiais como vehiculares na programación anual de centro e, pólo tanto, da adquisición de coñecementos nas dúas linguas.

2- O alumnado deberá empregar , con carácter xeral, a lingua na que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cós criterios do correspondente currículo normativamente aprobado pólo que non poderá prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en dita materia.

### 3.- LINGUAS EMPREGADAS NAS DISTINTAS ÁREAS

#### EDUCACIÓN INFANTIL

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.



A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará, no momento da matrícula aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a de 4º de Educación Infantil, sobre a lingua materna do seu fillo/a. (Ver anexos)

## EDUCACIÓN PRIMARIA

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As linguas nas que se impartirán as diferentes áreas quedan distribuídas según se recolle nesta táboa:

Áreas		Cursos					
		1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura		4	4	4	4	4	3
Lingua castelá e literatura		4	4	4	4	4	3
Matemáticas		5	5	4	4	5	5
Ciencias sociais		3	2	3	2	2	3
Ciencias da natureza		2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira							
Educación artística	Plástica	1	1	1	1	1	1
	Música	1	1	1	1	1	1
Educación física		2	2	2	2	2	2
Relixión/ Valores sociais e cívicos		1	2	1	1	1	1
Libre configuración					1 (en Galego)		1(en Inglés)
<b>TOTAIS</b>		<b>12/11</b>	<b>13/12</b>	<b>12/11</b>	<b>12/11</b>	<b>12/12</b>	<b>11/11</b>



Sendo as materias de Lingua Galega e Literatura, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Educación Física, Educación Musical e Valores sociais e cívicos (só en 2º e 5º de primaria) impartidas en galego.

É importante destacar que segundo as Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia expón: *“O alumnado deberá empregar, con carácter xeral, a lingua en que se imparte cada área, materia ou módulo. Nas materias non lingüísticas, o profesorado procurará que a avaliación do dominio de lingua que teña o estudantado respecte as súas circunstancias persoais e que se oriente cara á adquisición en igualdade das dúas linguas oficiais. A avaliación realizarase de conformidade cos criterios do correspondente currículo normativamente aprobado, polo que non poderán prevalecer os criterios de competencia lingüística no idioma vehicular sobre os coñecementos específicos en cada materia”*.

## 4.- CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO: ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

### *A.- CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO*

Durante o curso 2012-2013 elaboráronse e pasáronse unhas enquisas aos nenos/as de educación infantil e 1º ciclo de primaria. Unha vez analizadas e obtidos os resultados ditas enquisas sitúanos nunha poboación maioritariamente castelán falante. Este repercute nunha transformación do contexto sociolingüístico no que se insire o noso centro. De ser un colexio rural -urbano converteuse nun centro maioritariamente urbano, aínda que nos fogares o número de galegofalantes elévase até case o 28%. Por “fogares



galegofalantes” entendemos a lingua que lle falan á/o nena/o na casa, xa que as porcentaxes da lingua que declaran usar a nai ou o pai é superior a este 28% tanto nas nais como nos pais. Con todo, é curioso constatar como o galego segue sendo unha lingua máis utilizada polos homes que polas mulleres: un 29% declaran que a lingua da nai é o galego, por un 35% no caso dos pais.

### *B.- SITUACIÓN DO PROFESORADO*

Existe unha porcentaxe considerable de profesorado galegofalante habitual. Do profesorado castelanfalante existe unha porcentaxe que converxe cara ao galego na relación cos alumnos e mesmo cara os compañeiros/as.

A valoración da lingua galega no colectivo de mestres é maioritariamente elevada. O 78,8% consideran que *debería usarse máis o galego en Galicia*. Arredor do 91% opina que *as matemáticas poden aprenderse en galego* e que *a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece*. A día de hoxe o 88,63% cre que *a lingua galega debe ser fomentada socialmente* e que *o ensino en galego axuda a prestixiar socialmente á nosa lingua*.

### *C. - SITUACIÓN DO ALUMNADO*

O alumnado do CEIP A Maía é maioritariamente castelanfalante, tanto no seu ámbito familiar como no ámbito escolar. O 65% dos enquisados declaran que o castelán é a lingua que usan habitualmente, contra un 19% de galegofalantes habituais. Un 13% declara usar o galego e castelán por igual. Porén, a realidade sociolingüística nos fogares é lixeiramente diferente xa que o número de fogares galegofalantes elévase até case o 28%.

Existe un colectivo de alumnos, de momento non moi numeroso, que declaran ter outras linguas (diferentes do galego ou castelán) como lingua habitual.





De tódolos xeitos, aínda que se dea a existencia de alumnado que ten o galego como lingua habitual na súa familia, poucas veces o mantén no ámbito escolar, onde adoitan integrarse na lingua maioritaria de relación do grupo: o castelán.

No tocante á competencia comunicativa en galego, facendo unha simple observación, podemos intuír que aínda que nos niveis inferiores a capacidade comunicativa en galego non é moi alta, a medida que ascendemos nos niveis dita capacidade increméntase notablemente ( maiormente na expresión escrita) aínda que os alumnos non teñan o galego como lingua habitual nin acaden a mesma competencia que no castelán. Isto é consecuencia lóxica de ter cursado xa a materia de lingua galega amais das materias que por lei deben impartirse en galego.

Estes son algúns dos datos que tiramos da enquisa realizada no colectivo de alumnos que, lembremos, nas etapas de Educación Infantil e no 1º e 2º Ciclo de Primaria foron contestadas polos seus pais/nais ou titores, xunto coa observación do profesorado.

Salientar que funcionou no noso centro a Liña en Galego establecida polo anterior goberno da Xunta de Galicia. É de destacar que foi tan ben acollida polos pais e nais do alumnado que fixo que se empezara a notar o incremento das peticións de recibir o ensino en galego manifestadas nas enquisas realizadas ao respecto.

Tras a análise desta cuestión, obtemos as seguintes conclusións:

- A presenza do galego na documentación administrativa, e nas notas informativas dos taboleiros é plena.
- En canto á rotulación, todos os espazos comúns están indicados en galego. Con respecto ás aulas, seguiremos poñéndolles nomes de persoeiros destacados da nosa cultura.



- A lingua para a comunicación oral e escrita co alumnado, familias e outras institucións é o galego cando parte da dirección do centro. Cando se trata de comunicación por parte do profesorado depende da lingua empregada por cadaquén. Con todo, tal e como se desprende da enquisa, no que se refire a comunicacións escritas como poden ser pequenas notas aos pais, o uso do galego é moi maioritario aínda que os mestres sexan castelán falantes habituais.
- Nos contextos informais a lingua mantida co alumnado por parte das persoas adultas do centro depende -normalmente- da súa lingua habitual. Con todo, hai membros do profesorado que empregan o castelán na súa vida cotiá e tentan falar en galego co alumnado.
- O emprego da lingua galega por parte do persoal non docente do centro é do 100%.
- A ANPA adoita empregar o galego e o castelán nas súas comunicacións escritas, mais nas comunicacións orais cada membro emprega a lingua que fala habitualmente.
- A dotación de fondos en galego na biblioteca é bastante satisfactoria. Nos últimos anos ampliáronse considerablemente os fondos e tentarase que sigan aumentando.
- A presenza do galego nas TIC, é menor. O obxectivo final sería que a lingua de interacción dos sistemas operativos e dos programas de maior uso fose o galego.

Por todo o visto podemos concluír que o galego ten bastante presenza no ambiente lingüístico do centro, aínda que hai determinadas áreas nas que convén seguir traballando para que a presenza sexa plena.



## 5. MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS

- Seguir elaborando material didáctico específico para traballar a lingua galega e castelá, especialmente co alumnado procedente do estranxeiro ou doutras Comunidades Autónomas. Este material será elaborado polo profesorado que imparta docencia nesas áreas xunto co Departamento de Orientación, en colaboración co ENDL e coa coordinación da Xefatura de Estudos.
- Asistirán a un programa de inmersión lingüística para facilitar a incorporación a estas linguas.
- Traballaranse tamén contidos históricos e socioculturais que faciliten a comprensión dos contidos nas diferentes áreas.

## 6.- OBXECTIVOS ENCAMIÑADOS Á DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas , concursos...
- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel



interno.

- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.
- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da ámbito público, que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- Manter e promover relacións abertas co concello, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega sobre todo os do CEIP Agro do Muíño, CEIP de Barouta,
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador
- Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía

## 7.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES



- Empregar a lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web, blogs...
- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.
- Informar ao profesorado en xeral sobre lugares de interese na nosa contorna e programar visitas para estes: Visita a lugares de interese do Concello de Ames.
- Promover pequenos roteiros de sendeirismo por lugares próximos ao centro.
- Visitas didácticas pola contorna atendendo ao interese paisaxístico, artístico, etnográfico, cultural e mesmo económico.
- Revisión e corrección de comunicados, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial
- Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación.
- Editar e difundir a revista do CEIP, en formato dixital, con traballos en galego dos nosos alumnos/as. Esta revista realízase en formato dixital e está aberta a engadir o que cada equipo de mestres/as crea conveniente.
- Participación noutros concursos literarios (tanto a nivel escrito como orais) organizados polo Concello de Ames e outros que se consideren de interese e promocionen a lingua galega.
- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego, sobre todo os que teñan lugar en Ames e Santiago.



- Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores e contacontos sempre en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro .
- Realización de actividades de contacontos, por parte dos propios nenos, os os seus pais ou os avós.
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.
- Adquisición de dicionarios bilingües, ortográficos, de sinónimos e de gramáticas e léxico galego.
- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- Realización de exposicións de costumes e obxectos antigos co fin de dar a coñecer o noso pasado e costumes.
- Visitas de persoas maiores ao centro para dar a coñecer traballos ou oficios tradicionais.
- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.
- Recompilación de cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, sortes, vocabulario.
- Colaboración intercentros cos centros educativos do Concello (CEIP Agro do Muíño, CEIP de Barouta, CEIP de Ventín, EEI Milladoiro, Escolas unitarias de Covas e Ortoño, Escola Infantil o Bosque, Escola Infantil Galiña Azul: tendal de poemas, Día de Rosalía, Nadal, etc.
- En colaboración co concello: certame literario, carta aos Reis Magos, Día de Rosalía



- Elaboración de material didáctico para traballar a lingua, especialmente co alumnado procedente do estranxeiro . Farase en colaboración co departamento de orientación.
- Elaboración de novas unidades didácticas e completar as xa existentes para traballar as celebracións máis salientables da cultura galega: Samaín, Magosto, Entroido, Día das Letras Galegas..
- Elaboración de unha pegatina/chapa/pin cun lema de porque debemos falar galego para o Día das Letras Galegas
- Programar outras actividades de animación á lectura de acordo coas propostas do Plan Lector.
- Rotular o nome das árbores e plantas do colexio co nome científico e o correspondente galego.
- Fomentar a participación das familias na vida escolar para relatar experiencias da súa vida, da súa profesión, cancións, etc.
- No Día do Libro convidar aos familiares a que veña as distintas aulas a contar un conto en galego.
- Exposición de prensa en diversas linguas co gallo da celebración do Día Europeo das Linguas e na Semana da Prensa,
- Invitar a algunha persoa doutro país interesada na aprendizaxe da lingua galega.
- Colaborar co Equipo de Actividades Extraescolares elaborando lemas sobre a tolerancia para celebrar o Día da Paz.
- Incrementar o fondo de música e cine en galego.
- Sempre que sexa posible, asistir a concertos de música, obras de teatro, que sexan en galego.



- Continuar rotulando as aulas con nomes de personaxes do mundo da cultura galega.
- Colaborar co departamento das TIC na posta en marcha de moitas das actividades propostas, así como dotar o departamento de material en galego

## 8.- ACTIVIDADES DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro eslavón na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este acudirá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.





Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

## 9.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

### *HUMANOS*

- Todo o profesorado e persoal do centro.
- Colaboración con diversas entidades e organismos:
  - Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do concello de Ames.
  - Concellería de educación e Cultura do Concello de Ames
  - USC
  - Dirección Xeral de Política Lingüística.
  - Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega sobre todo cos do noso concello.
  - ANPA.

### *MATERIAIS*

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias



- Bibliotecas de aula, así como audiovisuais e audioteca.
- Páxina web do centro e blogues das distintas aulas.
- Ordenador, proxector e pantallas e pizarras dixitais con conexión a internet en todas as aulas de educación primaria e educación infantil e nos espazos de uso común.
- Aula de informática con vinte ordenadores e con conexión a Internet, canón, encerado dixital
- Fotocopiadoras e impresoras.
- Taboleiros de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

## 10.- AVALIACIÓN

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servicio de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no



curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.

## 11. - ANEXO

- Pregunta para as familias do alumnado de 4<sup>o</sup> educación infantil, con nota informativa do centro.



## ANEXO

### CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Dona ..... como pai, nai ou titor ou titora legal do  
alumno/a ....., responde a seguinte cuestión:

Cal é a lingua materna do seu fillo ou filla?

Galego  Castelán

Asinado: \_\_\_\_\_

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral desta consellería como responsable do ficheiro.

---

### CUESTIONARIO PARA LAS FAMILIAS DEL ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Doña ..... como padre, madre o tutor o titora legal  
del alumno/a ....., matriculado/a en el curso ..... de educación  
infantil, responde a la siguiente cuestión:

¿Cuál es la lengua materna de su hijo o hija?

Gallego  Castellano

Firmado: \_\_\_\_\_

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 5 de la Ley orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter personal, le informo de que los datos personales recogidos en esta solicitud, se incorporarán a un fichero, para su tratamiento, con la finalidad de la gestión de este procedimiento. Usted puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición previstos en la ley, mediante un escrito dirigido a la Secretaría Xeral de esta consellería como responsable del fichero.



## **NOTA INFORMATIVA A ENQUISA SOBRE A LINGUA EN EDUCACIÓN INFANTIL**

Xunto á documentación para formalizar a matrícula na etapa de Educación Infantil, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria envía unha enquisa na cal se pregunta pola lingua materna do neno ou da nena. As dúas opcións que se ofrecen son castelán ou galego.

As familias debedes saber que **o resultado da devandita enquisa establece a lingua que se vai empregar na aula durante os tres cursos da etapa de Educación Infantil.**

Se desde a escola se vos pide ás familias que decidades, debedes ter toda a información para facelo de xeito responsable, sendo conscientes das consecuencias que a vosa escolla terá no futuro

Hai moitas razóns polas cales cómpre elixir o galego para os nosos nenos e nenas

- **Porque necesitan competencia nas dúas linguas para poderen no futuro decidir cal queren usar**
- **Porque é un momento decisivo na súa aprendizaxe e deben saber que o galego é tamén unha das linguas da escola**
- **Porque mellorarán a competencia en castelán e noutras linguas**
- **Porque chegarán con mellor preparación ao ensino primario.**
- **Porque poñerán en valor o que lles pertence como galegas e galegos.**
- **Porque renunciar a que o galego forme parte do ensino infantil, supón perder a oportunidade de ilo integrando de xeito natural e sen ningunha dificultade.**